



Maside en Compostela

O testamento pictórico do mestre

MASIDE

Maside en Compostela

O testamento pictórico do mestre



Maside irrompe na vida artística e cívica nun intre privilexiado, no ambiente de preocupación patriótica creado polo grupo Nós e as Irmandades da Fala. O pensamento de Castelao fora creando unha conciencia da función ética da arte, e tamén contribuíra a liberar a arte galega de códigos alleos, buscando nas raíces todo aquilo que aínda puidese gardar algúns sinais da súa identidade. «Cómpre volver á inocencia, ao folclore. Cómpre ser máis primarios ou primitivos na nova arte. No folclore é onde debemos aprender, pois alí é onde a nosa tradición quedou cortada».

Maside, que comparte cos devanceiros actitudes xerais, amosa tamén diverxencias en presupostos estéticos concretos que non sempre son conxunturais, porque «(o folclore) non debe ser máis ca un punto de partida orientado cara a un vento de rosa; despois hai que botar a andar».

Para Maside, *botar a andar* requiría descubrir os antecedentes e prolongacións dunha pintura, que quedara interrompida na súa traxectoria, ben insistindo nos modelos artísticos xeneralizables á cultura atlántica (miniaturas, códices e esmaltes irlandeses, escultura románica, pintores flamencos do século XV, escola do portugués Nuno Gonçalves..), ou ben asimilando formas expresivas doutras culturas menos próximas coma as orientais e a mediterránea.

Botar a andar en pintura con expresión propia, nunha arte singular, non estandarizada e abordar os problemas temporais na representación, constitúe un serio problema, que Maside abraza nunha tripla dirección: temática, técnica e experimental.

Persegue unha forma de representación, entendida coma un proceso no que a materia queda transformada en ideas que remiten á realidade; unha forma de representación que cumpra cos principios da natureza, é dicir, a lei do máis simple, do máis formalmente económico, do máis directo e do máis adaptado. Forma, composición e cor deben compracer á vista. *A cousa bela* deberá acadar a alma do home, atraelo, solicitar a súa atención.

En ningún caso existen dous masides antagónicos, ambas as dúas vertentes conflúen nos trazos xerais e esenciais que caracterizan a

Mercado, 1950, óleo sobre lenzo. © Carlos Maside, VEGAP, Santiago de Compostela, 2014. Fondos da colección da familia Maside.



súa obra: vinculación ao ser humano, no tema; simplicidade na forma, aínda que sexa moi meditada; e a busca incesante do carácter transcendente da imaxe no proceso da representación.

A vida de Carlos Maside (1897-1958) decorre paralela á primeira metade do século xx. A sucesión dos seus anos de nenez, xuventude e madurez orgánica desenvólvese ao compás da vitalidade da centuria, á que abandona antes de que esta dobre a curva descendente dos anos sesenta.

A primeira experiencia vital de Carlos Maside é o descubrimento de Galicia, acontecemento que está ligado a dous aspectos cualitativos importantes. En primeiro lugar, a toma de conciencia do feito galego verificábase en Maside desde dentro, desde a propia terra, en contacto cos homes da Xeración Nós e coa amizade de Castelao, a figura máis afín a el non só por razóns artísticas senón tamén sentimentais e ideolóxicas. A segunda experiencia vital de Maside é o descubrimento do marxismo.



Lavandeiras, 1953, óleo sobre lenzo, 50 x 65 cm
© Carlos Maside, VEGAP, Santiago de Compostela, 2014. Fondos da colección da familia Maside.

O conxunto da súa obra ofrece, en xeral, unha visión máis «obxectivada» de España e de Galicia, na que aparecen superadas algunhas das formulacións da Xeración Nós. Rexeita aspectos da nosa cultura tradicional que considera negativos para a mellora da sociedade. Espalla unha nova filosofía de optimismo sobre os cambios sociais e a transformación política, que por outra banda presentía inevitables. Introduce a súa obra de creación –sen renunciar á esencia e tradicións culturais propias– no territorio común dos movementos artísticos europeos.

DIDÁCTICA ESCOLARES

Historia de Galicia a través da obra de Carlos Maside

«**Sons dunha campá chamada Berenguela**» Infantil e 1º ciclo de primaria

«**Cando Maside escoitou falar a Castelao**» 2º ciclo de primaria e 1º ciclo de ESO

«**Carlos Maside. Identidade e historia de Galicia**» 2º ciclo de ESO, bacharelato e ciclos formativos

Maside e a arte de Galicia

«**Viaxa comigo no meu barco de vapor**» Infantil e 1º ciclo de primaria

«**Maside pinta, Manuel Antonio recita**» 2º ciclo de primaria e 1º ciclo de ESO

«**A vangarda galega a través da obra de Carlos Maside**» 2º ciclo de ESO, bacharelato e ciclos formativos

Prezo: 1 €

Máis información e reservas no 981 552 577

www.obrasocialncg.com

Do 29 de xaneiro de 2014 ao 30 de agosto de 2015

Centro Cultural Fundación Novacaixagalicia
Rúa do Vilar, 19
SANTIAGO DE COMPOSTELA

HORARIO

Luns a domingo de 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 h
Entrada de balde

